

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA
SAUDABLE DO DÍA 17/04/2026**

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. JORGE CUBELA LÓPEZ

VOGAIS: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

D. JAVIER TOURÍS ROMERO, en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. PAULA BOUZÓS BARROS

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGIS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRIGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ

D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día dezasete de abril de dous mil vinte e seis, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Jorge Cubela López. Actúa como secretario o xefe de sección do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D. David Simal Fondevila.

Aberta a sesión polo Presidente procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día vinte de marzo de 2026.

2.- Dar conta das bases reguladoras para a “BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONES OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2026”.

O presidente da conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de que participan en competicións oficiais de ámbito estatal no ano 2026.

O obxecto destas axudas é regular o procedemento de concesión de subvencións destinadas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen con algún equipo e/ou deportistas en competicións oficiais de ámbito estatal recollidas nesta normativa. A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade nas competicións oficiais durante a tempada partida 2025-2026 ou durante a tempada 2026.

“A convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e contará cun orzamento inicial dun millón de euros, ampliable ata un máximo do vinte e cinco por cento, con cargo á aplicación 26/340.3410.489.20.”

As axudas distribúense en tres ámbitos de actuación: deporte xeral, dirixido a clubs deportivos de modalidades federadas; deporte náutico, dirixido a clubs de disciplinas desenvolvidas no medio acuático; e deporte para persoas con discapacidade, dirixido a clubs cunha traxectoria mínima de dous anos neste ámbito.

3.- Dar conta do Patrocinio deportivo “COSTA ATLÁNTICA MTB TOUR 2026”.

O presidente dá conta do contrato de Patrocinio deportivo da “Costa Atlántica MTB Tour 2026”.

O evento, que celebrou a súa sexta edición, desenvolveuse entre os días 10 e 12 de abril de 2026, con saída e chegada na cidade de Pontevedra e percorrido por distintos municipios da provincia.

A competición estruturouse en tres etapas: unha primeira etapa contrarreloxo urbana celebrada o día 10 de abril; unha segunda etapa de maratón de maior lonxitude e percorrido por zonas de costa e interior o día 11 de abril; e unha terceira etapa final de carácter máis esixente tecnicamente o día 12 de abril.

O contrato de patrocinio ascendeu a once mil euros (11.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.226.20.

4.- Dar conta do Patrocinio deportivo “COPA DE ESPAÑA FEMININA – GP CIDADE DE PONTEVEDRA 2026”.

O presidente dá conta do contrato de Patrocinio deportivo “COPA DE ESPAÑA FEMININA – GP CIDADE DE PONTEVEDRA 2026”.

O evento celebrou a súa oitava edición e desenvolveuse o día 12 de abril de 2026, con saída e meta na cidade de Pontevedra e percorrido tamén polo municipio de Marín, incluíndo a ascensión ao Alto da Porteliña.

A proba consistiu nunha competición ciclista feminina integrada na Copa de España Féminas Cofidis, incluída no calendario oficial da Real Federación Española de Ciclismo, o que lle outorga carácter de proba puntuable dentro do circuíto estatal, garantindo a participación de deportistas e equipos procedentes de diferentes comunidades autónomas.

A competición estruturouse en diversas categorías oficiais: cadete, junior, elite, sub-23 e máster en distintas franxas de idade, o que permitiu unha ampla representación deportiva dentro do ciclismo feminino de estrada.

O contrato de patrocinio ascendeu a seis mil euros (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.226.20.

5.- Dar conta do Patrocinio deportivo “MOVE IT VIGO 2026”.

O presidente dá conta do contrato de patrocinio do evento “Move It Vigo 2026”.

O evento consiste nunha competición de danza urbana na que participaron bailaríns, parellas e grupos procedentes de distintos puntos de España e Portugal, estruturada por categorías de idade e nivel, dende participantes a partir dos 4 anos ata categorías de nivel profesional.

A competición desenvolveuse como unha proposta inclusiva, orientada á promoción e ao desenvolvemento progresivo do talento na danza urbana, favorecendo a participación tanto de público infantil e xuvenil como adulto.

A actividade incluíu a práctica de diferentes estilos de danza urbana, entre eles hip hop, popping, locking, waacking, krump, commercial dance e breakdance, entre outros, premiándose a creatividade e o talento mediante trofeos, medallas, diplomas e mencións especiais.

O contrato de patrocinio ascendeu a dez mil euros (10.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.226.20.

3.- Rogos e preguntas.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás doce horas e cinco minutos do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu, Secretario, dou fe.